

# Concello de Ribadumia


## Ruta dos Muíños



CONCELLO DE RIBADUMIA

## PARTES DUN MUÍÑO

- 1.- Trabe
- 2.- Moega
- 3.- Quenlla
- 4.- Tenxedoiro
- 5.- Capa
- 6.- Ollo
- 7.- Segorella
- 8.- Buxa
- 9.- Pé
- 10.- Beo
- 11.- Vara
- 12.- Argolas
- 13.- Masa de vara
- 14.- Rodicio
- 15.- Penas
- 16.- Grilo
- 17.- Rá
- 18.- Mesa
- 19.- Canle
- 20.- Gavía
- 21.- Firidoiro



## COMO FUNCIONA

A auga acumúlase nunha represa e levase ó muíño por unha canle desde a que se fai caer para que colla forza e mova as palas do rodicio, situado na parte baixa do edificio; sobre a roda do rodicio encaixa o eixe vertical que, na parte superior do edificio, fai xirar unha peza circular de pedra chamada moa sobre outra cilíndrica fixa sobre o pé entre as cales vai caendo o gran desde unha caixa troncopiramidal invertida que se denomina moega da que sae a quenlla que vai dar xusto sobre o burato central da moa e é por onde vai caer o gran para introducirse entre a moa e o pé. Para que vaia baixando o gran, a quenlla ten que ter un lixeiro movemento que se consegue normalmente do propio movemento da moa por medio dunha sinxela tarabela; outros sistemas secundarios serven para reter o paso da auga ó muíño, moer o gran máis fino ou máis groso, recoller a fariña nunha caixa, etc.

## A HISTORIA DOS MUÍÑOS DE AUGA

Os primeiros muíños encontrados en Galicia datan do Neolítico e son muíños de man, chans onde se moian os grans fregando unha pedra contra outra.

En época romana utilizáronse os muíños circulares de man que na alta Idade Media aumentaron en tamaño e pasaron a ser movidos por auga. O muíño é unha máquina que utiliza a forza da auga do río para moer-lo gran, para iso move dúas grandes pedras e no medio o gran, estas grandes pedras son capaces de converte-lo gran en fariña (sexa de centeo, trigo ou millo). Os muíños de auga presentan dous tipos: o de roda matriz horizontal - rodicio - e os que a teñen vertical - bruia. Os primeiros son os muíños propiamente ditos, os máis vellos e os máis correntes na nosa terra. Os segundos, aceas ou aceñas, son unha variante deles e semellan de introducción máis recente. Só se diferencian na maneira de aproveitar a forza da auga, pois nos demais elementos son idénticos. O muíño sitúase á beira do río ou regato aínda que tamén pode estar afastado deste, son en xeral construcións de pequenas dimensións, de 6 ou 7 m. por 4,5 m. Construídos a base de cachotería e perpiaño e con cuberta de lousa a unha ou a dúas augas. O único oco que presenta é a porta de entrada, situada normalmente no lado curto, onde ademais aparece o "pousadoiro" ou pouso, que consiste nunha pedra fincada no muro, preto da porta, que serve para apoiar os sacos. Nalgunhas ocasións aparece tamén un ventanuco pequeno que ilumina e ventila o "tremiñado".



Durante séculos para levar a cabo actividades da vida cotiá como a moenda, o home a penas contou con outro tipo de enerxía que non fose a súa propia forza. Co tempo, foi deseñando artellos que lle facilitasen o traballo. Un deles foi o muíño hidráulico, que supuxo a substitución da forza humana pola da auga como fonte de enerxía para a produción da fariña, xa sexa de centeo, de trigo ou de millo. Este tipo de muíño é o que ten maior presenza na nosa terra. Isto vén dado polas características do medio galego que, cun alto grao de pluviosidade, posúe unha rede fluvial que permite instalalos muíños de río. Os muíños non só forman parte da paisaxe e da historia, senón tamén da cultura popular, recollidos

no folclore con cantigas (Na porta daquel muíño, hai dúas pedras de asento: unha é para namorar e outra para pasar o tempo) e na literatura con adiviñas (Que cousa, cousa é, que mestres come canta, e se non come cala), refráns (Auga pasada non move muíño.).... O muíño era testemuña de conversas de amor, historias de anciáns, xogo de nenos e xoves, .... Os costumes das que estamos a falar fóronse perdendo, igual que van desaparecendo os muíños, substituídos progresivamente polos eléctricos, ó abeiro das modificacións e alteracións sufridas pola economía tradicional. Non obstante nos últimos anos, estas construcións considéranse de interese etnográfico, debendo entre todos fomentar a súa restauración.



# Muiños de Barrantes

Esta ruta discorre ao longo do paseo fluvial de Barrantes e conta no seu percorrido con seis muiños.

Todos estes muiños son, segundo a tipoloxía, de canle, a máis abundosa e posiblemente a máis antiga entre os muiños de río galegos.

A ruta ten un percorrido de aproximadamente un kilómetro e medio.



## MUIÑO DE CHANTADA

1



Debe o seu nome ao apelido da familia propietaria. Posúe dous rodicios así coma dous pés de moenda. Tódolos domingos pola mañá pódese contemplar in situ o funcionamento orixinal do muiño.

## MUIÑO DO CON

2



A denominación deste muiño é debido a unha gran pedra que está situada preto do muiño. Posúe dous rodicios así como dous pés de moenda.

### MUÍÑO DE RIVAS

3



A denominación deste muíño é debido ao nome da familia propietaria do mesmo. Conserva os dous pés e as dúas moas.

### MUÍÑO DE PONTE DE CARROS

4



Debe o seu nome a unha ponte que se mandou construír entre as dúas beiras do río Rande para poder pasar cos carros dun lado e o outro do río. Este muíño é o único que nunca deixou de funcionar. Outra particularidade é que posúe un lavadoiro ao lado. Conserva os antigos dous pés e as dúas moas.

### MUÍÑO DE MIXOTE

5



Neste muíño moía a xente do barrio de Couto de Arriba. E máis pequeno que os anteriores, ten un rodicio e un pé de moenda. Antes da restauración derrubárase a parte superior dos muros, o cal provocara que tanto o exterior como o interior estivese cuberto de maleza, terra e entullo.

# Muiños do Batán

Trátase de catro muiños de canle que antigamente só funcionaban no inverno, mentres o pequeno regato que os alimentaba levaba auga.

Dispónense en ferverza ao longo duns 300 metros e todos eles constan unicamente de un pé e un rodicio de moenda.



## MUÍÑO DE ARRIBA

1



Deste muiño non se puideron recadar moitos datos. Está situado na marxe esquerda do río Batán. A denominación deste muiño dálla o lugar que ocupa. Conserva o pé e a moa. Deixou de moer arredor dos anos setenta.

## MUÍÑO PEQUENO

2



Está situado na marxe esquerda do río Batán. Como o seu nome indica é o menor tamaño da zona. Conserva o pé e a moa, ademais conserva un pedra en diagonal que formaba parte dunha lareira. O igual que o anterior deixou de moer arredor dos anos setenta.

### MUIÑO DE BEMPOSTA

3



Está situado na marxe esquerda do río Batán. A denominación deste muiño dálla o apelido da familia propietaria do mesmo. Conserva o pé, a moa e a cruz. Tamén conserva unha pedra en diagonal que formaba parte dunha lareira. Deixou de moer arredor dos anos setenta.

### MUIÑO DE ABAIXO

4



Está situado na marxe esquerda do río Batán. A denominación dálla a posición que ocupa. Conserva pé e moa, e na parte superior do muro norte atópanse dúas pedras que sobresaen do murenas que antigamente se colocaban as candeas para iluminar o interior do muiño. Deixou de moer arredor dos anos setenta.

## Muiños fora de ruta ou que se están a recuperar



## MUÍÑO DO PORTO I (Barrantes)

1



Neste muíño moían, sobre todo, os veciños da parroquia de Vilaríño, concello de Cambados. Conserva o rodicio esquerdo. Está restaurado.

## MUÍÑO DO PORTO II (Barrantes)

2



Este muíño está conectado con anterior, xa que a auga que saía do muíño Porto I, chegaba a este. Conserva os dous pés. Está restaurado.

## MUÍÑO DO LEIRO (Leiro)

3



Neste muíño moía xente do barrio do Couto de Arriba. A auga coa que funcionaba este muíño era q que saía do muíño de Mixote. Está restaurado.

## MUÍÑO DE ABAIXO (Sisán)

4



Neste muíño moíase millo e centeo. Aparece mencionado no Catastro do Marqués da Ensenada. Conserva o pé dereito. O nome débete a súa situación. Está restaurado.

## MUÍÑO DE ARRIBA (Sisán)

6



Neste muíño móíase millo e centeo. Aparece mencionado no Catastro do Marqués da Ensenada. Conserva o pé de-reito. O nome débeo a súa situación. Estase a restaurar.

## SITUACIÓN



“A maxia dun destino”  
[www.riasbaixas.org](http://www.riasbaixas.org)

